

# EU QUEDO NA CASA!

Ídeas para realizar todos/as xuntos/as

## 1. FACEMOS PLATILINA CASEIRA:

### INGREDIENTES:

1. 3 cuncas de fariña
2. 1 cunca de sal fina
3. 2 culleradas de aceite
4. 1 cunca de auga fervendo
5. Colorante alimenticio

### INSTRUCCIÓN:

1. Mesturar fariña, sal e aceite
2. Ir engadindo auga fervendo ata que vaia quedando unha masa. A auga pode ser co colorante alimenticio.
3. Engadir cunca de sal

Esperar a que arrefría. Envolver nun plástico e colocalo nun recipiente.

## 2. CHEGOU A PRIMAVERIA!:

Observar os cambios que se producen no tempo (temperatura, si fai sol, si chove moito..) e que animais aparecen nesta época do ano (bolboretas, abellas...).

## 3. SEMENTAMOS LENTELLAS:

### QUE NECESITAMOS?:

1. Lentellas
2. Algodón
3. Recipiente de plástico (reciclado) ou cristal

Primeiro depositamos as lentellas no fondo do recipiente. Logo engadiremos o algodón un pouco húmido e colocáremolo nunha zona cunha boa iluminación pero sen unha permanencia constante ao sol. **A SEMENTAR!!**



4. **RECICLAMOS TODOS XUNTOS:** Podedes realizar algún xoguete, xogo, instrumento musical con materiais de reciclado (botellas de plástico, latas, teas...)
5. **EN MOVEMENTO:** na plataforma de **YOUTUBE** podedes atopar diferentes cancións coas que poden bailar, desfrutar e divertirse. Recomendo escoitar a canción de Rozalén con Estopa, que se titula: VIVIR.
6. **PELÍCULAS E CORTOS DE ANIMACIÓN EN FAMILIAS:** na mesma plataforma dixital podedes atopar coa busca de: "**cortos de pixar**", variedade de vídeos con diferentes temáticas: respecto polos compañeiros, coidado dos animais e da natureza, saber compartir, etc. aspectos fundamentais a traballar dende a Educación Infantil.
7. **HORA DE LER:** é importante que non perdan a rutina de ler e escoitar contos. Podedes aproveitar os recursos cos que contedes na casa (contos, periódicos, revistas...), ademais de contacontos na plataforma de YOUTUBE como: "cocorico", "chocolata", "a casa da mosca chosca", etc. tanto da editorial OQQO como KALANDRAKA.
8. **PINTAMOS CON TINTA INVISIBLE:**

#### INGREDIENTES:

1. Pincel ou bastoncillo de algodón
2. Folios brancos
3. Limón
4. Auga

#### INSTRUCCIÓN:

1. Espreme un limón nunha cunca e engade unha cullerada de auga
2. Mestura, e coa axuda do pincel ou bastonciño, escribe unha mensaxe ou o que queiras no papel
3. Deixa secar
4. Aproxima o papel a unha fonte de luz para poder ver a mensaxe,

Podedes consultar a páxina: [aulasgalegas.org](http://aulasgalegas.org) con multitude de materiais e actividades.

TODO VAI SAIR BEN! YESSICA

